

[REDACTED]

Reclamante:

Expediente. Nº **RSCTG 053/2018**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por D. [REDACTED], mediante escrito do 16 de abril de 2018, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta o seguinte acordo:

ANTECEDENTES

Primeiro. D. [REDACTED], presentou mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 16 de abril de 2018, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desestimada por silencio administrativo, unha solicitude de información presentada ante a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) sobre os contratos asinados por Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) con [REDACTED] correspondentes a 2016 e referidos ao Ciclo de Cultura no Camiño e a rede Galega de Salas.

Segundo. Con data 23 de abril de 2018, déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 25 de abril de 2018. Con data do 28 de maio ten entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o informe e copia do expediente solicitado.

No informe remitido pola Axencia, se fai contar que recibida a solicitude de información pública con data do 21 de febreiro de 2018 e dado que a solicitude afectaba aos dereitos e intereses dunha terceira persoa [REDACTED] a Axencia concedeulle un prazo de alegacións ao tempo que suspendeu o procedemento de acordo co establecido na normativa de transparencia, feito que foi comunicado ao solicitante. Logo de analizar a solicitude, resolveuse conceder o acceso á información solicitada, que lle foi notificada ao interesado con

data do 17 de abril de 2018, tendo o recurso potestativo presentado polo Sr. [REDACTED] data anterior (11.04.2018).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016 establece que o procedemento se axustará ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustándose a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

O artigo 24 da Lei 1/2016 reconece o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como *“os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”*.

O artigo 12 da Lei 19/2013 configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo calquera persoa, sen necesidade de que o solicitante estea obrigado a motivar a súa resolución, de acordo co disposto no artigo 26.4 da Lei 1/2016.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 15 de febreiro establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado. Dado que a solicitude de acceso á información presentouse o 5 de febreiro de 2018, e na data na que o solicitante presentou a reclamación a esta Comisión (16 de abril de 2018) aínda non obtivera resposta, debe considerarse presentada en prazo.

Quinto. Análise do expediente

O informe da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) pon de manifesto que na solicitude de D. [REDACTED] abriuse un período de alegacións dado que a solicitude afectaba aos dereitos e intereses dunha terceira persoa ([REDACTED]), ao tempo que suspendeu o procedemento de acordo co establecido na normativa de transparencia, e que estes feitos foron comunicados ao solicitante. Logo de analizar a solicitude, resolveuse conceder o acceso á información solicitada, que lle foi notificada ao interesado con en data posterior á de interposición do reclamación ante a Comisión.

Por tanto, a solicitude de acceso á información foi atendida correctamente, polo que procede a estimación por motivos formais da reclamación presentada ante esta comisión, ao ter remitido a Axencia a información, unha vez que o solicitante presentara a reclamación ante a Comisión.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

ACORDA

Único: Estimar por motivos formais a reclamación presentada por D. [REDACTED] de solicitude de información á Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) sobre os contratos asinados por Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) con [REDACTED] correspondentes a 2016 e referidos ao Ciclo de Cultura no Camiño e a rede Galega de Salas.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto

no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga